

# FEIRA DE ECOLOXÍA E ARTESANÍA MOSTRA DO POSIBLE

Mostra do Posible é un encontro de colectivos pertencentes á Economía Social e Solidaria e aos Movementos Sociais de Galicia.

Queremos visibilizar que existen alternativas para construír un mundo máis xusto, ecolóxico e democrático.

Moitas iniciativas individuais traballan para acadar as mesmas finalidades dende a autoprodución, a artesanía ou a produción ecolóxica. Para darlles visibilidade creamos a **Feira de Ecoloxía e Artesanía na Mostra do Posible**.

## BASES:

- Poderán participar na Feira de Ecoloxía e Artesanía aquelas persoas non organizadas como colectivos que aporten solucións ecolóxicas, artesanais ou que traballen dende a autoprodución.
- A organización encargárase de asignar espazos para situar os postos e publicitar a Feira de Ecoloxía e Artesanía. As persoas que reserven os espazos encargáranse dispor o necesario para montar o seu posto (mesa, toldo,..)
- En caso de bo tempo a Feira de Ecoloxía e Artesanía terá lugar na Alameda nova de Cangas. En caso de mal tempo, terá lugar nos soportais exteriores da Casa da Cultura de Cangas.
- O número de espazos disponibles para reservar é limitado. A reserva dos espazos realizarase por orde de inscrición.
- **A reserva de espazos polos dous días implica o pago de 30 €** para colaborar no pagamento dos gastos da Mostra do Posible. Deberase realizar un ingreso no seguinte número de conta,

**ES31 3070 0045 1961 1363 2522 Caixa Rural Galega**

indicando: **"FEIRA DE ECOLOXÍA E ARTESANÍA + Nome do Posto"**

- **O prazo para reservar espazos remata o 28 de setembro de 2018.**
- A inscrición realizarase remitindo o resguardo de ter feito o ingreso a:

**mostradoposible@gmail.com**